

## A NOSA HISTORIA...

Na primavera do ano 2007, un grupo de profesores de Tecnoloxía organizou no Cebreiro, por vez primeira, unha xornada intercentros para que os alumnos adquiriran dun xeito práctico e atractivo competencias tecnolóxicas, seguindo como fío condutor o Camiño de Santiago.

Un ano despois, perdémonos entre os castiñeiros e acivros dos Ancares, en San Román de Cervantes, mentres buscábamos a derradeira pita do monte.

O ano seguinte saltamos ao medievo. Mesturamos en Castro Caldelas a pedra cos polímeros, as pombas mensaxeiras coas redes sen fíos e os muiños coas turbinas

Na pasada edición andivemos polo Camiño Primitivo de Castroverde, buscando a forma de atopar un camiño tecnolóxico máis sostible e ecolóxico.

Nesta ocasión acamparemos protexidos pola Muralla, un total de 150 rapaces e rapazas de seis centros educativos galegos para participar na V Olimpíada Tecnolóxica:

- CPI DE CASTROVERDE
- CPI VIRXE DOS REMEDIOS (CASTRO CALDELAS)
- CPI DE CERVANTES
- CPI UXÍO NOVONEIRA (PEDRAFITA DO CEBREIRO)
- CPI POETA UXÍO NOVONEYRA (O CAUREL)
- IES LEIRAS PULPEIRO (LUGO)

## ORGANIZA:



ASOCIACIÓN EDUCATIVA TECNOGALICIA

<http://www.toupasoft.com/tecnogalicia>

[tecnogalicia@gmail.com](mailto:tecnogalicia@gmail.com)



## COLABORAN:



DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



**Concello de Lugo**

Concellería de Servizos Xerais

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O.U.

IES SANXILLAO

IES LEIRAS PULPEIRO

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO


DIÓCESE DE LUGO

PARRILLADA ANTONIO

KENTES

ASOCIACIÓN  
EDUCATIVA

TECNOGALICIA



## V OLIMPÍADA TECNOLÓXICA

### “SAPERE AUDE”

Lugo, VI de maio de MMXI


*Como fixeron antes ca nós os Romanos, primeiro, os suevos despois, e tamén os musulmáns, imos invadir por un día a antiga Lucus Augusti. Protexidos por 2 km de muralla, Patrimonio da Humanidade, deixarémonos levar polo espírito dos nosos devanceiros, que antano tantos logros acadaron e nos que teñen a súa base moitos dos avances tecnolóxicos modernos.*



### PROGRAMA

- 10:45-11:00 *Recepción dos autobuses dos participantes nun lugar próximo ao centro histórico da cidade.*
- 11:00-11:20 *Desprazamento a pé ata a praza Maior para constituír os grupos.*
- 11:20-11:40 *1ª proba*
- 11:40-12:00 *2ª proba*
- 12:00-12:20 *Aperitivo*
- 12:20-12:40 *3ª proba*
- 12:40-13:00 *4ª proba*
- 13:00-13:20 *5ª proba*
- 13:20-13:40 *6ª proba*
- 13:40-14:20 *Desprazamento ó IES Leiras Pulpeiro para o xantar.*

### ACTIVIDADES DE LECER

- 14:20-15:30 *Xantar realizado e servido polos alumnos do ciclo de hostalería do IES Sanxillao de Lugo*
  - 15:30-16:00 *Entrega de premios e diplomas polas autoridades presentes*
  - 16:00-17:00 *Espectáculo de maxia*
  - 17:00-18:15 *Camiñada polo Parque do Miño, espazo da Reserva da Biosfera "Terras do Miño"*
- 
- 18:15-18:30 *Clausura da xornada*